

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO MÚSICA.**  
**(I.E.S. PLURILÍNGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ).**

**(CURSO 2022-2023).**

**Xefa do departamento: CRISTINA CHAO TOUCEDA.**

# **1- ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN:**

- 1- Introducción e contextualización (páx. 3).
- 2- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave (páx. 3).
- 3- Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais (páx. 5).
- 4- Concreción de obxectivos por curso (páx. 11).
- 5- Contidos (páx. 13).
- 6- Táboas de obxectivos, contidos e criterios de avaliación (páx. 20).
- 7- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: (páx. 37).
  - a) Temporalización
  - b) Grao mínimo de consecución para superar a materia
  - c) Procedementos e instrumentos de avaliación
- 8- Criterios de cualificación e avaliación (páx. 57).
- 9- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente (páx. 64).
- 10- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes. (páx. 68).
- 11- Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos (páx. 68).
- 12- Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados (páx. 68).
- 13- Medidas de atención á diversidade (páx. 69).
- 14- Concreción dos elementos transversais en cada curso. (páx. 70).
- 15- Actividades complementarias e extraescolares do departamento (páx. 71).
- 16- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora (páx. 71).
- 17- Tratamento do fomento da lectura (páx. 72).
- 18- Tratamento do fomento das T.I.C. (páx. 72).
- 19- Metodoloxía didáctica (páx. 73).
- 20- Materiais e Recursos didácticos (páx. 74).
- 21- Incorporación de modificacións propostas na memoria do curso anterior (páx. 75).
  
- 22- *Anexos (páx. 76 - 96)*

## 1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O I.E.S. “Antón Losada Diéguez” está situado nas aforas do pobo de A Estrada, a 1.5 km do casco urbano, na zona deportiva, á beira doutros dous institutos. O recinto consta dun edificio principal con tres andares, o ximnasio, o taller de automoción e unha zona verde que rodea o centro.

O claustro está formado por un número aproximado de 65 profesoras e profesores que imparten clase na E.S.O, Bacharelato, Ciclos formativos (madeira, informática, electrónica, administrativo, automoción, emerxencias e protección civil), Ensinanza de Adultos e, dende o curso 2008-09, unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra.

O Departamento de Música no curso 2022-23 está constituído por:

Cristina Chao Touceda, profesora en situación definitiva no centro e xefa do Departamento. Imparte clases:

a) Na ESO: a dous grupos de segundo, dous grupos de 3º da ESO e dous grupos de cuarto con alumnado dos grupos A e B.

b) No BACHARELATO: en segundo de Bacharelato hai un grupo en “*Historia da Música e da Danza*” con alumnado do grupo B.

O total de horas semanais de clase que asume o departamento é de 19.

## 2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

*Ver as táboas das páxinas 38 ata 56.*

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da **competencia cultural e artística (Conciencia e expresións culturais, CCEC)**. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais.

A música colabora ao desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, CSIEE)**, mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. Nas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Ademais, a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar da outra persoa, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común. Por iso, a música contribúe tamén á **competencia social e cidadá (Competencias sociais e cívicas, CSC)**.

A reflexión sobre a comprensión de diferentes culturas, a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade. Desde o punto de vista do coñecemento e a interacción co mundo físico, a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Tamén debemos salienta os contidos

relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón para previr problemas de saúde.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento do **tratamento da información e da competencia dixital (Competencia dixital, CD)**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece tamén o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

A música contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender (Aprender a aprender, CAA)**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á **competencia en comunicación lingüística (Comunicación Lingüística, CCL)**, a música axuda, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico.

A música contribúe á **competencia matemática (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, CMCT)** poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte, non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

Aquí temos un resumo da relación dos distintos estándares coas competencias básicas (nas táboas das páxinas 59 ata 89 recóllense máis especificamente):

a) Distingue e emprega os elementos da representación gráfica da música colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). CCEC

b) Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. CCEC, CAA

c) Comprende e identifica os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e as formas de organización musical. CCEC

d) Amona interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. CAA, CCEC

e) Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión de voz. CCEC

f) Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. CCEC

g) Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

h) Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. CCEC, CSIEE

i) Explora e descubre as posibilidades da voz e dos instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. CCEC, CAA

j) Le e analiza partituras como apoio á audición. CCEC

k) Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.  
CSC

l) Amosa interese por coñecer músicas de outras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. CAA

m) Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de distintas culturas e épocas históricas. CCEC, CSC

n) Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas. CCEC, CCL

ñ) Recoñece e interpreta manifestacións de danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. CCEC

o) Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. CCEC, CCL

p) Amosa interese por coñecer músicas de distintas épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición. CCEC, CAA

q) Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. CCEC, CAA

r) Distingue e sitúa temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais. CCEC, CSC.

s) Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. CCEC, CCL.

t) Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. CD, CAA.

### **3- RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

*Ver as táboas das páxinas 38 ata 56 onde se indica/-n a/-s competencia/-s correspondente/-s a cada estándar.*

**3.1 En 2º da ESO os estándares de avaliación son:**

#### **BLOQUE 1: “INTERPRETACIÓN E CREACIÓN”**

1- Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica axeitada.

2- Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

3- Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

4- Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol e fa en cuarta, duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices, indicacións rítmicas e de tempo...).

5- Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

6- Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.

7- Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

8- Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

9- Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

10- Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

11- Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

12- Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

13- Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

14- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

15- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

16- Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e compañeiras.

17- Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/-a e a outros/-as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

18- Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

## BLOQUE 2: “ESCOITA”

1- Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

2- Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.

3- Segue partituras como apoio á audición.

4- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

5- Describe os elementos das obras musicais propostas.

6- Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

7- Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais

de forma oral e escrita, con rigor e claridade.

8- Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

9- Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

### BLOQUE 3: “CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS”

1- Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.

2- Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

3- Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.

4- Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.

5- Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

6- Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.

7- Contribúe á conservación, á recuperación e á transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.

8- Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.

9- Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

10- Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc, e realiza unha revisión crítica desas producións.

11- Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

### BLOQUE 4: “MÚSICA E TECNOLOXÍAS”

1- Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilizaas como ferramentas para a actividade musical.

2- Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

3- Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

## **3.2 En 4º da ESO, os estándares de avaliación son:**

### BLOQUE 1: “INTERPRETACIÓN E CREACIÓN”

1.1 Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

1.2 Le partituras como apoio á interpretación.

1.3 Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.

1.4 Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.

1.5 Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.

1.6 Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.

1.7 Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cinema...) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/-as profesionais que interveñen.

## BLOQUE 2: “ESCOITA”

2.1 Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.

2.2 Le e analiza partituras como apoio á audición.

2.3 Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.

2.4 Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.

2.5 Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.

2.6 Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.

2.7 Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

2.8 Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.

2.9 Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación...

## BLOQUE 3: “CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI”

3.1 Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.

3.2 Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.

3.3 Analiza a través da audición, músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.

3.4 Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.

3.5 Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxias entre a música e outras manifestacións artísticas.

3.6 Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.

3.7 Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.

## BLOQUE 4: “MÚSICA E TECNOLOXÍAS”

4.1 Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.

4.2 Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.

4.3 Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.

4.4 Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.

4.5 Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

4.6 Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos axeitados para



indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.

4.7 Avisa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.

4.8 Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.

4.9 Utiliza a información de xeito crítico, obtida de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

**3.3. En 2º de Bacharelato os estándares de avaliación para “Historia da Música e da Danza” son:**

#### BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN

1.1 Realiza dende unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.

1.2 Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.

1.3 Consulta e contrasta as fontes de información axeitadas para a elaboración dos comentarios.

1.4 Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.

1.5 Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.

1.6 Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.

1.7 Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.

1.8 Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.

1.9 Comprende e describe o proceso creativo de músicos/-as e coreógrafos/-as.

1.10 Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/-a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.

1.11 Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.

1.12 Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.

1.13 Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.

1.14 Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.

1.15 Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.

1.16 Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.

1.17 Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.

1.18 Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.

1.19 Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita

as fontes consultadas.

1.20 Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.

## BLOQUE 2: “A MÚSICA E A DANZA DA ANTIGÜIDADE Á IDADE MEDIA”

2.1 Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

2.2 Coñece e describe as obras e os/as autores/-as máis representativos/-as deste período.

2.3 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/-a determinada, establecendo xuízos críticos.

## BLOQUE 3: “O RENACEMENTO”

3.1 Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

3.2 Coñece e describe as obras e os/as autores/-as máis representativos/-as deste período.

3.3 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/-a determinado/-a, e establece xuízos críticos.

## BLOQUE 4: “O BARROCO”

4.1 Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

4.2 Coñece e describe as obras e os/as autores/-as máis representativos/-as deste período.

4.3 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/-a determinado/-a, e establece xuízos críticos.

## BLOQUE 5: “O CLASICISMO”

5.1 Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

5.2 Coñece e describe as obras e os/as autores/-as máis representativos/-as deste período.

5.3 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/-a determinado/-a, e establece xuízos críticos.

## BLOQUE 6: “O ROMANTICISMO, O NACIONALISMO E O POSROMANTICISMO”

6.1 Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

6.2 Coñece e describe as obras e os/as autores/-as máis representativos/-as deste período.

6.3 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/-a determinado/-a, e establece xuízos

críticos.

#### BLOQUE 7: “PRIMEIRAS TENDENCIAS MODERNAS”

7.1 Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

7.2 Coñece e describe as obras e os/as autores/-as máis representativos/-as deste período.

7.3 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/-a determinado/-a, e establece xuízos críticos.

#### BLOQUE 8: “MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX”

8.1 Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.

8.2 Coñece e describe as obras e os/as autores/-as máis representativos/-as deste período.

8.3 Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/-a determinado/-a, e establece xuízos críticos.

#### BLOQUE 9: “A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO”

9.1 Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.

### 4- CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO

4.1 No DOGA do 29 de xuño de 2015, recóllense os obxectivos xerais para toda a etapa de secundaria. Son os que seguen:

“A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os

comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.”

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**4.2** Para os dous cursos de Bacharelato, tamén recollidos no *DOGA do 29 de xuño de 2015*, os obxectivos xerais son estes:

“O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.

Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado”.

## **5- CONTIDOS**

*(Ó inicio da actividade lectiva, en todos os cursos se comenzará a traballar a parte de Linguaxe Musical para detectar qué contidos non foron explicados e/ou traballados o curso pasado e así poder recuperar toda a materia que non se deu no curso correspondente).*

5.1 En **2º da ESO** os contidos a tratar son:

### **BLOQUE 1: “INTERPRETACIÓN E CREACIÓN”**

1.1 Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.

1.2 Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

1.3 Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.

1.4 Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.

1.5 Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

1.6 Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.

1.7 Grañas e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.

1.8 Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

1.9 Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

1.10 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

1.11 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

1.12 Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

1.13 Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.

1.14 Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.

1.15 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.

1.16 Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

## BLOQUE 2: “ESCOITA”

2.1 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

2.2 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

2.3 Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.

2.4 Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica...

2.5 Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

2.6 Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.

2.7 Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a

contaminación sonora.

### BLOQUE 3: “CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS”

3.1 A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

3.2 Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

3.3 Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

3.4 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

3.5 Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

3.6 Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

3.7 Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

### BLOQUE 4: “MÚSICA E TECNOLOXÍAS”

4.1 Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

4.2 Aplicación de diferentes técnicas de gravación, analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

4.3 Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

4.4 Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

4.5 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

4.6 O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música.

**5.2** En **4º da ESO** temos os seguintes contidos:

### BLOQUE 1: “INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1.1 Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.

1.2 Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.

1.3 Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.

1.4 Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.

1.5 Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.

1.6 Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.

1.7 Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

## BLOQUE 2: “ESCOITA”

2.1 Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.

2.2 A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.

2.3 Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.

2.4 Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas a actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.

2.5 Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.

2.6 A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.

2.7 Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

## BLOQUE 3: “CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIIS”

3.1 Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.

3.2 Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

3.3 Manifestacións musicais doutras culturas

3.4 A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria

3.5 Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

## BLOQUE 4: “MÚSICA E TECNOLOXÍAS”

4.1 Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.

4.2 Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.

4.3 Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.

4.4 Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.



4.5 Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cinema, videoxogos...

4.6 Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

4.7 Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

**5.3 En 2º de Bacharelato, os contidos para “Historia da Música e da Danza” son:**

### BLOQUE 1: “PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN”

1.1. escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas ou de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.

1.2 A obra artística no seu contexto histórico.

1.3 Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.

1.4 Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.

1.5 Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.

1.6 Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.

1.7 Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.

1.8 Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.

### BLOQUE 2: “A MÚSICA E A DANZA DA ANTIGÜIDADE Á IDADE MEDIA”

2.1 Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Códice Calixtino.

2.2 Música profana: xogares e goliardos.

2.3 Instrumentos medievais.

2.4 A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta.

2.5 A danza na Antigüidade Clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega.

2.6 A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.

Realizarase un plan de traballo con contidos mínimos esixibles e actividades recomendadas con probas parciais, criterios cualificación e avaliación para verificar a superación desas materias, poñéndoas en coñecemento do alumnado para garantir o dereito a unha avaliación obxectiva, recoñecido no artigo 6.3 c) da Lei Orgánica 3/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Polo tanto, o alumnado que non superase a materia na convocatoria extraordinaria, será supervisado ao longo do seguinte curso mediante a achega do material pertinente fotocopiado para a súa lectura e posterior realización de exercicios e/ou traballos de cada unidade.

O material será entregado ao longo de cada trimestre para que consulten as dúbidas que poidan xurdir. Os exercicios e/ou traballos serán corrixidos e entregados ao alumnado, xa que lle servirán para preparar a **proba parcial** que debe superar ao final de **cada trimestre** (coincidindo coas respectivas avaliacións) para a recuperación da materia pendente.

Terán así un seguimento continuado durante todo o curso académico.

Debe facerse constar que neste curso académico non existe alumnado coa materia pendente.

## **11- ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS.**

Partiremos sempre dos coñecementos previos do alumnado e desenvolveremos os contidos de forma estruturada e coherente. Así, realizarase unha proba inicial para comprobar os coñecementos que posúe o novo alumnado chegado doutros centros. Unha vez analizado o nivel do grupo clase, reaxustarase de ser o caso a programación.

Farase tamén unha proba práctica instrumental e/ou vogal para comprobar o dominio da técnica instrumental e/ou vogal pertinente e poder equilibralo no primeiro mes do curso, se é o caso.

## **12- DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

A avaliación inicial supón unha toma de contacto co alumnado, do que a inmensa maioría xa é coñecido de anos anteriores, agás en 2º de Bacharelato onde se incorpora alumnado doutros

centros próximos cun profesorado diferente con obxectivos, criterios, metodoloxía e avaliación diversa. Precísase unha avaliación inicial para poder unificar criterios e facer unha aprendizaxe realmente significativa. Unha vez realizada, identificaranse, se os hai, os casos de necesidades educativas especiais, os que deben reforzar certos coñecementos e aquel alumnado que só precisa aprender novos contidos. Recorrerase ao Departamento de Orientación nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais para coordinar o enfoque metodolóxico e conseguir o mellor rendemento académico, atendendo non só o alumnado con carencias académicas, senón tamén aqueles que destacan sobre a media.

A avaliación inicial consistirá nun repaso daqueles conceptos dos que deberían xa ter coñecemento nos cursos previos de primaria e/ou secundaria, segundo o caso. De non ser así, haberá que reforzalos antes de continuar.

*Ver Anexos 1, 2, 3, 4, 5 e 6.*

### **13- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

O proceso de ensinanza-aprendizaxe require unha intervención planificada de todo o proceso, de aí que o profesorado deba preocuparse por saber cáles son os coñecementos do alumnado, e seleccionar os obxectivos axeitados para tomar unha serie de decisións sobre o método de traballo e as actividades de avaliación a levar a cabo. Trataremos así a diversidade do alumnado, definiremos cómo tratar determinadas diferenzas e prepararemos estratexias para dar resposta a todas aquelas necesidades que xurdan. *O alumno e a alumna convértense en motor do seu proceso de aprendizaxe e o profesorado fai o papel de guía, xa que poñerá en contacto os coñecementos e experiencias previas do alumnado cos novos contidos.*

Realízase unha *avaliación continua*, atendendo á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno/-a. Ao inicio de curso realízase unha *avaliación inicial*, para poder determinar os coñecementos previos do alumnado e dende aí iniciar os novos coñecementos. En cada unidade farase un seguimento, levando a cabo unha avaliación formativa, para poder corrixir posibles dificultades e, por último, farase unha avaliación sumativa, onde se observará a aprendizaxe do alumno/-a. Non se terá en conta só os coñecementos de tipo conceptual, senón tamén os cadernos de clase, nivel de participación, realización de traballos, actitude...

En cada unidade realizáremos as seguintes cuestións:

- 1- Que dificultades e potencialidades percibo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?*
- 2- Como podo minimizar as dificultades?*
- 3- Que necesidades individuais atopo no desenvolvemento da unidade?*
- 4- Que recursos e estratexias utilizarei para atender as necesidades individuais?*

Asúmense e coñécense as diferenzas no interior do grupo. Aquí é moi importante o traballo en colaboración co *Departamento de Orientación do centro* que é quen informa e axuda no tratamento daquel alumnado con necesidades específicas.

Na materia de Música aténdese a diversidade do alumnado de distintas maneiras:

1- Explicando sempre os contidos esenciais e, progresivamente, incluíndo conceptos máis técnicos. Parte do alumnado poderá traballar con todos estes conceptos e utilizar un vocabulario musical máis preciso mentres outra parte coñecerá a súa existencia aínda que non cheguen a utilizar este vocabulario. Diversifícase así a información conceptual para traballar. Nos casos, de maior coñecemento da materia, achegaráselles máis contidos que contribúan ao seu desenvolvemento académico.

2- Propoñeranse exercicios con dificultade de execución variada. En cada unidade didáctica haberá actividades de reforzo e ampliación para aprender, reforzar e/ou mellorar aspectos técnicos instrumentais e/ou vogais.

3- Distínguense os exercicios e/ou partituras con distintos graos de dificultade de execución. Por exemplo, nas actividades de interpretación hai varias voces con distintos graos de dificultade, e en cada unidade didáctica teremos actividades de reforzo e de ampliación.

4- Distinguiranse os exercicios realizables pola maioría do alumnado. Facilitarase a avaliación individualizada na que se fixan as metas que cada alumna/-o debe alcanzar dende o seu nivel inicial de aprendizaxe.

#### **14- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO.**

Os elementos transversais aparecen detallados na *táboa das páxinas 59-89*.

Os temas transversais consisten nun conxunto de contidos de ensinanza, fundamentalmente actitudinais e que deben formar parte de todas as materias, sendo sempre conscientes de que os valores non se poden impoñer, senón aprender por vontade propia. Podemos destacar os seguintes:

A “educación ambiental”: debemos tomar consciencia sobre os problemas que afectan ao medio e tentar evitalos. Reivindicar o noso dereito ao silencio.

A educación para a saúde”: cun correcto uso da voz, a través da educación vogal promove hábitos de vida máis saudables, aprendendo unha correcta respiración. A práctica musical realízase corporalmente, polo que axuda a aprezoar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, de expresión individual e colectiva.

A práctica instrumental axuda á consecución dunha posición e ton muscular equilibrado. O coñecemento corporal adquirido leva consigo a interiorización e automatización dos procesos mecánicos implicados no movemento e que se relacionan á súa vez coa audición interior.

Ademais, a música incide positivamente no equilibrio persoal e anímico do alumnado, tanto dende o punto de vista da persoa que escoita, interpreta ou crea.

“A educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos”: o papel da muller na música quedou relevado sempre a un segundo termo. Cando podían interpretar algún instrumento era de menor tamaño. Debemos deixar que o alumnado empregue calquera instrumento, sen asociar ningún deles a un sexo determinado. E, por último, cómpre tamén inculcarlles a necesidade de aproveitar o tempo a través de actividades lúdico-musicais. Dende o punto de vista da práctica vogal, toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, reparto de traballos e respecto mutuo aos demais integrantes da clase, independentemente do sexo.

“A educación para a paz”: interese e respecto cara á música doutras culturas mediante o

coñecemento dos contextos histórico-sociais-culturais das distintas músicas.

A voz como medio de comunicación é un instrumento para o diálogo. No que se refire á interdisciplinabilidade, a área de Ciencias da Natureza pode axudar ao bo coñecemento do corpo e, en concreto, do aparello fonador. Debe haber un respecto e bo diálogo nas interpretacións conxuntas e individuais, aprendendo ademais a discernir e ser críticos con todo o que escoitamos.

“A educación do consumidor”: saber seleccionar a música que realmente nos interesa.

“A educación moral e cívica”: o traballo en equipo. A música posúe un destacado compoñente de contidos actitudinais baseados non só no respecto e acatamento de normas, senón tamén na necesidade da súa existencia. Sería imposible considerar, por exemplo, a práctica musical en grupo se non consideraran unha entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita aos demais, o respecto mutuo...

### **15- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO.**

Durante o presente curso escolar, o Departamento de Música propón as seguintes actividades extraescolares: acudir a concertos didácticos no Auditorio de Galicia (pendentes de admisión) e no Teatro Principal, facer unha visita guiada ao museo da Catedral así como facer actividades para conmemorar datas sinaladas e participar nas actividades lúdico-didácticas organizadas por outros departamentos e pola Biblioteca, como o festival de Nadal, Antroido, Letras Galegas,...

### **16- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Ao finalizar cada trimestre farase unha revisión dos resultados obtidos e da evolución individual do alumnado con respecto á materia. Cada trimestre contará polo menos con dúas probas teóricas e outras dúas prácticas que nos axudarán a dar un diagnóstico fiable sobre a evolución e progreso do alumnado. Se a materia é escasa ou excesiva, irase revisando ao longo do curso e procurárase atopar a mellor solución, revisando a programación e os criterios de avaliación se é o caso. Farase coas seguintes preguntas:

- 1- Consulto a programación ao longo do curso e, se é preciso, fago modificacións?
- 2- Recoilo na programación as competencias clave de cada unidade?
- 3- Ao redactar a programación teño en conta o contexto onde se desenvolve o alumnado?
- 4- Cada vez que iniciamos unha unidade, proporciono ao alumnado toda a información que precisan (obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias...)?

*Ver anexos 7 e 8*

### **17- TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.**

Ao longo do curso realizaranse lecturas en clase ben dun libro de texto ben doutro material

de lectura que será achegado pola profesora, empregando libros de consulta da aula e/ou da biblioteca, de xeito que o alumnado se vaia tamén relacionando e coñecendo libros especificamente musicais ou, simplemente, de entretemento musical, pero co obxectivo de ter a música presente. De non ser posible o empréstimo de libros, farase entrega de fotocopias por parte da profesora ou será o propio alumnado o que traia o seu propio material.

En 2º da ESO, por exemplo, traballarase con fragmentos de: “*El maravilloso mundo de la música*” de Kühn. En 4º de ESO traballaremos co libreto de “*A Frauta Máxica*” de W.A Mozart e con algunha exposición oral de traballos relacionados cós temas da programación.

Levarase a cabo ademais, a lectura dalgúns poemas de xeito que poidan practicar todo o relacionado coa prosodia: o ritmo nas palabras, a entoación, dicción, acentuación e tamén a expresión.

Leranse as novas máis interesantes relacionadas co mundo da música, ben sexa clásica, moderna ou étnica, que vaian aparecendo nos xornais ou revistas especializadas.

En 2º de BACHARELATO traballaranse todos os textos relacionados coa música vogal que vaíamos utilizando na clase, dende música popular ata libretos de ópera. Tanto cancións que despois interpretaremos na clase (se a situación sanitaria o permite) coma fragmentos de ópera que nos axudarán a comprender o argumento. Leranse correctamente, respectando as regras de articulación, respiración e emisión de voz e traballarase ademais con textos en distintos idiomas, fundamentalmente en latín, galego, castelán, inglés, alemán e francés.

Utilizaremos tamén artigos de xornais e/ou revistas musicais que traten temas relacionados coa voz e buscaremos páxinas web que nos permitan investigar todo o relativo á voz nas súas diferentes vertentes, dende a súa produción nas cordas vogais ata a súa industrialización no mercado das discográficas.

## **18- TRATAMENTO DO FOMENTO DAS T.I.C.**

A aplicación das T.I.C. permite un gran crecemento, evolución e mellora dos procesos creativo-musicais. Con elas podemos editar partituras, realizar gravacións, ralentizar unha interpretación para axustala ás necesidades do momento, mesturar imaxe, audición, video, animación, texto..., introducir instrumentos, espaciar o tempo de interpretación co de xeración do son, estudar, co acompañamento musical, sen necesidade de intérpretes, empregar correctores técnicos a tempo real ou diferido...

En Internet pódense atopar numerosos recursos para apoiar as actividades de clase, que non sempre está disponible nas bibliotecas (partituras, tabulaturas para guitarra, artigos de revistas, biografías de compositores, instrumentos musicais, investigacións, arquivos de audio, software para escoitar arquivos en MP3...) e que permite enriquecer as actividades cun material innovador.

Os programas de notación musical, edición de son e Karaoke permiten experimentar e apoiar as actividades de expresión musical. Así, o profesorado pode plantear actividades que impliquen dende a simple transcripción melódica, arranxos musicais, tendo en conta toda a gama de instrumentos, ata a reprodución musical e a impresión de partituras. Todo isto repercute positivamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En 2º, 3º e 4º de ESO cómpre mencionar que se desenvolve o Programa Edixgal.



## **19- METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; de feito, a metodoloxía didáctica que se empregará seguirá a normativa contemplada na resolución conxunta das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e Sanidade, as cales aprobaron as instrucións nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2022-2023. En concreto, na área de Música:

Os alicerces fundamentais do ensino da música son a audición e a expresión, e por tanto a metodoloxía debe dirixirse a desenvolverlas nas súas distintas manifestacións.

A **audición** permite o goce da música, facilita a asimilación dos contidos e desenvolve as capacidades perceptivas para aumentar a capacidade de análise e espertar o interese. Este tres planos da audición deben potenciarse mutuamente para que os coñecementos técnicos melloren a percepción e o goce, e estes, á súa vez, melloren a comprensión e a profundización técnica e analítica.

A **expresión** engloba a interpretación vocal, instrumental e corporal, a composición e a improvisación.

A **interpretación vocal**, ao utilizar o instrumento máis inmediato, a voz, permite unha expresión directa e espontánea, e máis imbricada na personalidade de cada alumno ou alumna. É un vehículo idóneo para mellorar a interiorización e a formación auditiva, pero que neste curso académico está limitado o seu uso.

A **interpretación instrumental** é o eixo vertebrador en torno ao cal se organizan os distintos contidos ao longo de cada curso e durante a etapa. Isto é así porque ademais de mellorar as destrezas instrumentais, o alumnado é capaz de interconectar contidos de escoita, creación e improvisación, evolución histórica, linguaxe musical, lecto-escritura, valores, etc... dando continuidade aos ensinos musicais.

A **interpretación corporal**, baseada nos lazos entre o movemento corporal e o movemento musical, desenvolve o sentido kinestésico, a través do cal o movemento corporal relaciónase co movemento sonoro, creando imaxes audiomotrices que constitúen un repertorio de percepcións, que permitirá enriquecer a musicalidade do alumnado e favorecer a autoconfianza e a superación de inhibicións expresivas.

Todas as actividades de interpretación, non só responden as necesidades expresivas e individuais e actúan como canalizador de emocións, senón tamén responden o pracer de participar e facer música en grupo, fomentando con iso a autoestima, a autonomía, a responsabilidade e os valores sociais.

A **improvisación**, ademais de ser un medio de expresión creativa e de reforzo da autoestima e da iniciativa persoal, convértese nun recurso metodolóxico de gran importancia para explorar os elementos da linguaxe musical e corporal, e reforzar o pensamento creativo xunto coa composición musical.

A **composición**, guiada ou libre, é a manifestación última da interiorización dos contidos asimilados correspondentes co nivel. Ademais de servir de canle expresiva e creativa en calquera momento da aprendizaxe, implica reflexión, selección, estruturación e toma de decisións, e todo iso dunha maneira lóxica e crítica. Tamén, é un vehículo ideal para exercitar a lectura e a escritura musical.

Para instruír a selección de estratexias metodolóxicas sería conveniente seguir aos principais autores que desenvolveron métodos e sistemas didácticos de educación musical, Orff, Kodaly, Dalcroze, Willems, Elizalde, etc... e así mellorar a aplicación dos contidos na aula.

Necesitamos adestrar de maneira sistemática os procedementos que conforman o andamiaje da materia. Aínda que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no

currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise musical, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se expoñen. Para iso, necesitamos un certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden a interpretación e a expresión musical grupal, o **traballo en grupo colaborativo** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e profundar en contidos dese aspecto.

Doutra banda, cada alumno e alumna parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde **a teoría das intelixencias múltiples** facilita que todo o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Música é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

O alumnado soe presentar un nivel de coñecemento variado, polo que se vai proceder a unha unificación de criterios, partindo dun nivel elemental, garantindo así o bo funcionamento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Seleccionarase aqueles aspectos da materia que faciliten unha mellor comprensión dos conceptos por parte das e dos alumnos. O que se pretende é axudar ao alumnado a expresarse con outra linguaxe e con outros medios como son: a voz, os instrumentos e o corpo, enriquecendo as súas posibilidades de comunicación.

***Partirase sempre dos coñecementos previos do alumnado, para realizar así aprendizaxes significativas.*** O proceso de ensinanza-aprendizaxe require unha intervención planificada de todo o proceso, polo que o profesorado debe informarse de cales son os coñecementos do alumnado, e seleccionar os obxectivos axeitados para tomar unha serie de decisións sobre o método de traballo e as actividades de avaliación a levar a cabo. Teremos en conta a diversidade do alumnado, definiremos cómo tratar determinadas diferencias e prepararemos estratexias para dar resposta a todas aquelas necesidades que xurdan. ***A alumna e o alumno convértense en motor do seu proceso de aprendizaxe e a profesora fai o papel de guía, xa que poñerá en contacto os coñecementos e experiencias previas do alumnado cos novos contidos.***

## **20- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Decídese utilizar en todos os cursos, tanto da ESO coma do BACHARELATO, material propio, fotocopias e/ou apuntamentos achegados sobre as unidades a tratar, así como partituras variadas para completar os temas de estudo. Evitamos así restrinxirnos á utilización dun libro de texto.

Como material didáctico empregárase a dotación da aula de música:

- Recursos fotocopiáveis con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación.
- Aula virtual e plataforma E-dixgal.
- Equipo de música con lector de CD de audio e o CD de audio e Dvds.

- Instrumentos de percusión e de láminas. Instrumental Orff.
- Proxección de películas relacionadas coa historia da música.
- Programas interactivos ( Serie Recursos Educativos Multimedia).
- Libros de lectura didáctica para os alumnos coa finalidade de fomentar a súa curiosidade pola historia da música.
- Partituras e musicogramas.

## **21. INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.**

Con respecto á memoria do curso anterior e tal e como se reflicte na parte dos contidos desta programación didáctica, en todos os niveis se empezará a traballar pola parte da linguaxe musical para detectar os contidos mínimos que non foron explicados durante o curso anterior.

**A Estrada, 1 de marzo de 2023.**

**Cristina Chao Touceda.**

**(Xefa do departamento)**

# ANEXOS

**AVALIACIÓN INICIAL 1º ESO**

1- Que é para ti a música?

2- Que lembranzas das clases de música do colexio?

3- Tes algún tipo de estudo musical? Conservatorio, Escola de Música, Instrumentos tradicionais... Di cales son os teus estudos e canto tempo levas estudando e/ou tocando.

4- Repetiches algún curso? \_\_\_\_ Cal ou cales? \_\_\_\_\_.

5- Define:

a) Pentagrama:

b) Notas:

d) Liña adicional:

h) Compás:

6- Di a que familia pertencen os seguintes instrumentos da orquestra.

<b>INSTRUMENTO</b>	<b>FAMILIA</b>
Frauta traveseira	
Timbal	
Clarinete	
Trompeta	

7- Que é o que esperas aprender neste curso?

8- Gústache cantar? Estás nalgún grupo musical, coro, solista?

**AVALIACIÓN INICIAL 2º ESO**

1- Que é para ti a música?

2- Que lembranzas das clases de música do colexio de Primaria?

3- Tes algún tipo de estudo musical? Conservatorio, Escola de Música, Instrumentos tradicionais... Di cales son os teus estudos e canto tempo levas estudando e/ou tocando/cantando/bailando.

4- Repetiches algún curso? \_\_\_\_ Cal ou cales? \_\_\_\_\_.

5- Completa as tres columnas:

<b><u>Abreviatura</u></b>	<b><u>Termo</u></b>	<b><u>Significado</u></b>
<b>pp</b>	<b>pianissimo</b>	<b>Moi suave</b>
<b>p</b>		
	<b>forte</b>	
<b>ff</b>		
<b>Cresc.</b>		

6- Define os seguintes termos musicais:

a) Pentagrama:

b) Notas:

c) Figura:

d) Silencio:

e) Compás:

f) Liña divisoria:

7- Di a que familia (corda, vento, percusión) pertencen os seguintes instrumentos da orquestra.

<b>INSTRUMENTO</b>	<b>FAMILIA</b>	<b>INSTRUMENTO</b>	<b>FAMILIA</b>
Frauta traveseira		Clarinete	
Timbal		Trompeta	
Marimba		Pratos	
Trompa		Óboe	

8- Define:

a) Pentagrama:

b) Notas:

d) Liña adicional:

h) Compás:

9- Que é o que esperas aprender neste curso?

10- Gústache cantar? Estás nalgún grupo musical, coro, solista?

**AVALIACIÓN INICIAL 3º ESO**

1- Que é para ti a música?

2- Completa as tres columnas:

<b><u>Abreviatura</u></b>	<b><u>Termo</u></b>	<b><u>Significado</u></b>
<b>pp</b>	<b>pianissimo</b>	<b>Moi suave</b>
<b>p</b>		
	<b>forte</b>	
<b>ff</b>		
<b>Cresc.</b>		

3- Define os seguintes termos musicais:

Pentagrama, clave, notas, liña adicional, figura, silencio, crescendo, compás e liña divisoria.

4- Di a que familia pertencen os seguintes instrumentos da orquestra. (Especifica o grupo da familia da que forman parte):

<b>INSTRUMENTO</b>	<b>FAMILIA</b>	<b>INSTRUMENTO</b>	<b>FAMILIA</b>
Frauta traveseira		Clarinete	
Timbal		Trompeta	
Marimba		Pratos	
Trompa		Óboe	

5- Fai un dictado rítmico de 8 compases en 4/4

6- Escribe o nome das liñas e espazos do pentagrama.

a) Liñas:

b) Espazos:

7- Debuxa unha corchea e escribe as partes que ten:

8- Escribe 8 instrumentos de percusión de altura indeterminada e indica a que grupo pertencen (dos tres grupos diferentes que existen) segundo o material do que están feitos.



**AVALIACIÓN INICIAL 4º ESO**

1- Completa as tres columnas:

<b><u>Abreviatura</u></b>	<b><u>Termo</u></b>	<b><u>Significado</u></b>
<b>pp</b>	<b>pianissimo</b>	<b>Moi suave</b>
<b>p</b>		
	<b>forte</b>	
<b>ff</b>		
<b>Cresc.</b>		

2- Define os seguintes termos musicais:

- a) Pentagrama:
- b) Clave:
- c) Notas:
- d) Liña adicional:
- e) Figura:
- f) Silencio:
- g) Crescendo:
- h) Compás:
- i) Liña divisoria:

3- Di a qué familia pertencen os seguintes instrumentos da orquestra (Especifica o grupo da familia da que forman parte):

- a) Fruta traveseira:
- b) Timbal:
- c) Marimba:
- d) Trompa:
- e) Clarinete:
- f) Trompeta:
- g) Pratos:
- h) Óboe:

4- Fai un dictado rítmico de 8 compases en 4/4

5- a) Cál é o instrumento antecesor do violoncello actual?

b) E do trombón de varas?

c) Cal é o instrumento antecesor do piano?

ci)

6- Define:

a) Ópera:

b) Luthier:

7- a) Entre qué séculos se sitúa o Renacemento?

b) E o Barroco?

8- Explica a diferenza que existe entre a textura homofónica e a contrapuntística.

9- Ordena cronoloxicamente os seguintes períodos musicais:

Renacemento

Barroco

Idade Media

Clasicismo

Romanticismo

10- Que grupos musicais coñeces do s.XX? Cita tres como mínimo.

**AVALIACIÓN INICIAL 1º BACHARELATO**

1- Que é para ti a música?

2- Completa as tres columnas:

<b><u>Abreviatura</u></b>	<b><u>Termo</u></b>	<b><u>Significado</u></b>
<b>pp</b>	<b>pianissimo</b>	<b>Moi suave</b>
<b>p</b>		
	<b>forte</b>	
<b>ff</b>		
<b>Cresc.</b>		

3- Define os seguintes termos musicais:

Pentagrama, clave, notas, liña adicional, figura, D.C., crescendo, compás e liña divisoria.

4- Di a que familia pertencen os seguintes instrumentos da orquestra. (Especifica o grupo da familia da que forman parte):

<b>INSTRUMENTO</b>	<b>FAMILIA</b>	<b>INSTRUMENTO</b>	<b>FAMILIA</b>
Frauta traveseira		Clarinete	
Timbal		Trompeta	
Marimba		Pratos	
Trompa		Óboe	

5- Que estilo de música é o que máis che gusta? Cita un par de cancións.

6- Que é a ópera? Defínea e di algún exemplo. Fuches a algunha representación?

7- Que instrumentos sabes tocar? Participas nalgún grupo musical tocando, cantando e/ou bailando?

8- Define que é para ti a “Música Clásica”.

9- Que son as bandas sonoras? Cita algunha que lembres especialmente.

10- Participas en concertos didácticos habitualmente?

**AVALIACIÓN INICIAL 2º de BACHARELATO**

- 1- a) Que séculos abrangue a Idade Media?  
b) Segundo a música se realizase dentro ou fóra da igrexa denominábase...  
c) Por qué se comezou a escribir a música na Idade Media?  
d) Lembras o nome do canto relixioso da Idade Media?

2- Define:

- a) Neuma:  
b) Canto gregoriano:  
c) Trobador:  
d) Cantiga:

3- a) Cal é o nome do códice que se conservaba na catedral de Santiago de Compostela? A que século pertence?

b) Cal é o nome do códice que se conserva no Mosteiro de Montserrat, cerca de Barcelona? A que século pertence?

c) Cales son os dous tipos de cantigas que máis nos interesan para a Historia da Música?

4- a) Cal é o exemplo máis perfecto de representación de instrumentos en pedra? Onde está? A que século pertence?

b) Cal é o nome do único instrumento pétreo que tocan dous músicos? A que instrumento dará lugar posteriormente?

5- a) Que séculos abrangue o Renacemento?

b) Que cambios existen na música que se fai nesta época? Cal é a que predomina con respecto á época medieval?

6- a) Que é a *capela de música*?

b) E os *ministrís*?

7- Explica a diferenca que existe entre a *textura homofónica* e a *textura contrapuntística*.

8-

- a) Cal é o instrumento antecesor do violoncello actual?
- b) Cal é o instrumento antecesor do trombón de varas?
- c) Cal é o instrumento antecesor do piano?
- d) Que diferenca hai entre unha danza de corte e un baile popular?

9- Define:

a) Ópera:

b) Luthier. Di o nome dalgunha das familias de luthier italianas máis coñecidas.

10- Explica a diferenca entre ópera seria e bufa.

## ANEXO 7

<b>AUTOAVALIACIÓN: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración (1-10)</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1- Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2- Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3- Revisa a miúdo os traballos propostos na aula		
4- Explica e corrixe habitualmente as actividades a realizar e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
5- Utiliza diferentes criterios de avaliación que atendan equilibradamente a avaliación de todos os contidos.		
6- Propón novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos para todo o alumnado.		
7- Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados exitosamente.		
8- Revisa a evolución da programación en cada trimestre.		

**A) Con respecto á programación: (Valorar de 1 a 10)**

- 1- Consulto a programación ao longo do curso e, se é preciso, fago modificacións.
- 2- Recollo na programación as competencias clave de cada unidade.
- 3- Ao redactar a programación teño en conta o contexto onde se desenvolve o alumnado.
- 4- Cada vez que iniciamos unha unidade, proporciono ao alumnado toda a información que precisan (obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias...)

**B) Con respecto ás actividades na aula: (Valorar de 1 a 10)**

**1- O alumnado traballa nas miñas clases:**

- a) De forma individual
- b) Por parellas
- c) En grupos reducidos
- d) En grupo grande

**2- Os exercicios e obras que propoño son:**

- a) Dirixidas
- b) Abertas
- c) Facilitan o traballo cooperativo.

**3- Na metodoloxía empregada:**

- a) Baséome en explicacións teóricas e prácticas sobre as obras a traballar
- b) Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma
- c) Utilizo ferramentas TIC
- d) Utilizo recursos e materiais variados para a aprendizaxe da materia (partituras impresas, on line, audiovisuais, Cds., Dvds, páxinas web)

**4- Como utilizo as horas lectivas:**

- a) Impartindo teoría e explicacións
- b) Conseguindo silencio
- c) Respondendo preguntas
- d) Fomentando a participación

**C) Con respecto á avaliación: (Valorar de 1 a 10)**

1- No inicio de cada tema explico ao alumnado o que vou avaliar, con que frecuencia e en base a que.

2- Utilizo distintas probas:

- a) Escritas
- b) Prácticas escritas
- c) Prácticas instrumentais
- d) Prácticas vocais.

3- Unha vez terminado o tema, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades

empregadas no proceso de aprendizaxe:

- a) De xeito individual
- b) Non
- c) Co alumnado

4- Entre as avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos.

5- Na avaliación teño en conta as competencias traballadas.

**D) Con respecto á diversidade: (Valorar de 1 a 10)**

1- Que fago para coñecer o grupo clase? (paso unha proba ao inicio do curso escolar, leo os informes anteriores, ver os resultados da avaliación, dáme a información a xefa de estudos ou pregunto ao orientador?)

2- Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, crear grupos...

3- A miña programación traballa a diversidade.

4- Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa: dentro do grupo, no grupo pequeno ou individualmente.

5- Escollo exercicios e obras de distintos niveis en cada unidade e proba.

6- Teño en conta ao alumnado que se afasta da media (tanto por riba coma por baixo)



**REGISTRO DE OBSERVACIÓN DO CADERNO**

	<b>1ª Avaliación</b>		<b>2ª Avaliación</b>		<b>3ª Avaliación</b>	
	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>
A portada do caderno inclúe o nome, curso e materia?						
Anótase a data en cada sesión do caderno?						
Copia o enunciado dos exercicios? Ou indica o número e páxina, web... onde atopar a información?						
Ten unha boa ortografía, orde e limpeza?						
Incluíronse correccións, anotacións...						
Fanse esquemas, resumes, debuxos... que axuden á comprensión e estudo?						

**AUTOAVALIACIÓN DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN SEMANAL**

	<b>NUNCA</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>BASTANTES VECES</b>	<b>SEMPRE</b>
Levei o material preciso todos os días.				
Preparei a tarde anterior o material necesario para a clase (frauta, libretas...)				
Demostrei autonomía á hora de traballar, tanto na aula coma na casa				
Ordee e clasifiquei os apuntamentos, notas e actividades da materia.				
Ao chegar a casa, planifiquei todo o tempo que vou adicar a cada tarefa e materia, e cumprín con isto.				
Tomei nota na axenda das actividades, dos traballos pendentes e as datas importantes (exames, entrega de traballos, presentacións, autorizacións, excursións...) e comprobei que cumprín con todo.				

**RÚBRICA DE EJERCICIOS DE RELAXACIÓN, ESTIRAMIENTOS, VOCALIZACIÓN...**

<b>NOME:</b> <b>CURSO e GRUPO:</b> <b>DATA:</b>				
	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Amosa interese				
Atende ás explicacións				
Realiza os exercicios indicados				
Compórtase ben				
Perturba a realización dos exercicios				
Non realiza os exercicios				
<b>TOTAL:</b>				

**RÚBRICA INTERPRETACIÓNS SOLISTAS E/OU GRUPAIS**

<b>NOME:</b>						
<b>CURSO e GRUPO:</b>						
<b>DATA:</b>						
	<b>NON SABE</b>	<b>SABE</b>	<b>BEN</b>	<b>MOI BEN</b>	<b>EXCELENTE</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Coñece as notas da canción						
Coñece o ritmo da canción						
Realiza o ritmo e a melodía correctamente						
Coordina a corrente de ar coa dixitación (fruta)						
Coordina o golpe da baqueta coa nota (placas)						
Respecta as pausas						
Pode interpretar individualmente a canción sen pausas						
Ten dificultades de coordinación						
Ten problemas de memoria para lembrar as notas						
Presenta problemas rítmicos						
Problemas de afinación vogal						
Sabe respirar correctamente						
Posición corporal						
Atente ás pautas da profesora						
Expresividade						
<b>TOTAL</b>						

**RÚBRICAS POR MEDIO DE FICHAS DE OBSERVACIÓN**

<b>NOME:</b> <b>CURSO e GRUPO:</b> <b>DATA:</b>				
	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Trae o material				
Atende ás explicacions				
Entende as explicacións				
Pregunta as dúbidas				
Pon en práctica as explicacións				
Traballa individualmente				
Sabe traballar en grupo				
Colabora co grupo				
Perturba o grupo				
Respecta as compañeiras e compañeiros da clase				

**RÚBRICA TRABALLOS ESCRITOS**

<b>NOME:</b> <b>CURSO E GRUPO:</b> <b>DATA:</b>				
	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
O tema foi exposto amplamente e as ideas están ben organizadas e desenvolvidas.				
O tema foi ben exposto pero non de forma ampla. A idea central tratouse limitadamente e as ideas pouco desenvolvidas.				
O tema case non foi exposto. A idea central non se tratou nin se desenvolveron organizadamente as ideas secundarias.				
O tema non se expuxo. En xeral, o contido é inadecuado e incomprensible.				
A presentación do traballo (orde, limpeza, ortografía) é moi boa.				
A presentación (orde, limpeza, ortografía) do traballo é boa.				
A presentación do traballo (orde, limpeza, ortografía) é regular				
A presentación do traballo (orde, limpeza, ortografía) é mala				

## **ANEXO 15**

Farase unha valoración de todo o proceso mediante unha avaliación previa, durante e despois da intervención educativa para poder avaliar globalmente o proceso de ensino e da práctica docente.

### **PREPARACIÓN PREVIA:**

	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
Realizo a programación				
Informo ao alumnado da programación				
Comentamos o proceso ensino-aprendizaxe				
Realizo unha avaliación inicial				
Axusto a programación ás características do alumnado				

### **PREPARACIÓN DURANTE O PROCESO:**

	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
Realizo algunha actividade para detectar os coñecementos previos en cada tema.				
Reviso e corrijo habitualmente as actividades propostas.				
Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada tema.				
Propoño actividades individuais e de grupo para reforzar e ampliar os contidos.				
Utilizo medios audiovisuais ou novas tecnoloxías para apoiar as explicacións dos contidos.				
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.				
Propoño actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe da materia a distintos niveis.				
Realizo actividades grupais e individuais.				

Utilizo distintas ferramentas de avaliación en función dos contidos tratados no tema.				
Informo ao alumnado e á familia dos resultados obtidos, así como de calquera outra incidencia.				
Reviso en cada trimestre os resultados da avaliación				

**PREPARACIÓN DESPOIS DO PROCESO:**

	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ÁS VECES</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
Cumpríronse as expectativas				
Reviso os resultados de todas as avaliacións				
Analizo os resultados de todas as avaliacións				
Fago propostas para o novo curso				